A Historia da Literatura Galega 14

# Xeración Nós. Poesía




La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

• UN PROXECTO EDITORIAL DE ERA PUBLICACIONES, S.L.

• COORDINADOR XERAL: JOSÉ ANTONIO PONTE FAR

**Textos:** M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

**Corrección lingüística:**
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

**Deseño:** M. Malvido
**Maquetación e montaxe:**
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
**Produción:** Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Victoria García-Lastra, Rebeca Zapata, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez e Nieves G. Centeno.
**Fotografía:** Octo Gráfica

**Agradecementos:** Real Academia Galega, Arquivo do Reino de Galicia e Fundación Vicente Risco

**Edita:** © Era Publicaciones, S.L.
**© desta edición:** La Voz de Galicia, S.A.

**Imprime:** Imprenta Mundo
**Depósito Legal:** C 1604-2010
**ISBN:** 978-84-96561-37-3

A Historia da Literatura Galega 14

# Xeración Nós. Poesía

La Voz de Galicia

# ÍNDICE


7 1. A POESÍA NA ÉPOCA NÓS

10 1.1. Manuel Antonio

22 1.2. Luís Amado Carballo

26 1.3. Fermín Bouza Brey

30 1.4. Luís Pimentel

36 1.5. Eduardo Blanco Amor

43 2. XERACIÓN DO 36, DA REPÚBLICA OU DO SEMINARIO

47 2.1. Aquilino Iglesia Alvariño

50 2.2. Ricardo Carballo Calero

53 2.3. Álvaro Cunqueiro




Detalle dunha portada da revista *Nós*, que deu nome a toda unha xeración de escritores galegos

# 1 A POESÍA NA ÉPOCA NÓS

Seguindo ao profesor Anxo Tarrío, para designar o período de tempo que vai entre 1916 e 1936 podemos empregar a denominación xeral de Época Nós e nela estamos incluíndo tanto a unha xeración de intelectuais e escritores galegos que publican na revista *Nós* e que naceron na década dos anos oitenta do século XIX (Xeración Nós: Xohán Vicente Viqueira, Ramón Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas...) como tamén aos coñecidos como integrantes da Xeración do 1925, nacidos entre 1895 e 1909, e aos que se encadran na Xeración do 1936 ou da República, que naceron entre 1910 e 1920.




Portada da obra *Bocarribeira*, de Ramón Otero Pedrayo, un dos integrantes da coñecida como Xeración Nós

Neste longo período, a literatura galega chega a alcanzar un grande esplendor, tanto pola cantidade de escritores que xorden, como pola calidade media alcanzada. Aínda que o xénero máis cultivado e brillante será a prosa, non podemos esquecernos da dignísima poesía que se escribe nestes anos. A este respecto, convén deternos un momento no que está ocorrendo en Europa ao redor dos anos vinte, porque tamén en Galicia notaranse semellantes efectos literarios. Son os anos en que se estenden as vangardas artísticas, que nacen para provocar unha nova estética

que rompa definitivamente cos esquemas decimonónicos. Estas vangardas, coñecidas como ismos –futurismo, cubismo, creacionismo, expresionismo, surrealismo–, son propostas artísticas que buscan unha expresión máis libre e máis imaxinativa.

A Galicia tamén chega a ansia renovadora e vangardista. Quizá a primeira mostra se atopa nun artigo de Vicente Risco publicado na revista *A Centuria*, antecedente da que logo será *Nós*, titulado *Preludio a toda estética futura*, en 1918. Outras revistas especializadas, como *Alfar* e *Ronsel*, publicarán nos primeiros anos vinte artigos de autores galegos que asumen as novas modas estéticas. Son

As vangardas artísticas europeas influíron na literatura galega. Na imaxe, a obra cubista de Picasso *Naturaleza muerta con guitarra* (1929)

os poetas que podemos englobar baixo o nome de Xeración do 1925. Entre eles, pódese citar a Manuel Antonio, Luís Amado Carballo, Fermín Bouza Brey, Luís Pimentel e Eduardo Blanco Amor.

## 1.1. Manuel Antonio

**Á súa memoria, e como homenaxe á súa obra, estivo dedicado o Día das Letras Galegas do ano 1979.**

Manuel Antonio Pérez Sánchez (Rianxo, 1900-1930), estudou o bacharelato no Instituto de Santiago e logo seguiu os estudos de Náutica en Vigo. Pero durante a súa etapa de estudante tamén se adentra e compromete co movemento de concienciación galeguista, participando activamente na terceira e cuarta asemblea nacionalista galega, celebradas en Vigo e Monforte, en 1921 e 1922, respectivamente, e desde posicións moi radicais. En 1926 realiza como «agregado» as horas de navegación que necesita para conseguir o título de piloto. Embarca no navío *Constantino Candeira*, a bordo do cal escribirá o único libro de poemas que editou en vida, *De catro a catro*, en 1928. Un amigo dille que se trata do mellor libro que leu, que en toda a nova poesía publicada en España non hai ningún como el, pero realmente ninguén vai falar do libro de Manuel Antonio. A súa recepción entre o público é nula. Ata o ano 1950, no que García-Sabell deu a coñecer a obra poética completa.

Escultura de Manuel Antonio que se atopa en Rianxo, a súa localidade natal




Primeira edición do único libro de poemas que Manuel Antonio publicou en vida, *De catro a catro* (1920)

## As asembleas nacionalistas galegas

➜ Moitos escritores galegos desta época previa á Guerra Civil comprometéronse co movemento de concienciación galeguista e participaron nas primeiras asembleas nacionalistas. Vicente Risco foi un dos máximos representantes da tendencia tradicionalista dentro do galeguismo. Así, en relación coa participación electoral, Risco rexeitábaa para non «contaminar» ao nacente nacionalismo, aludindo tamén á falta de garantías do sistema electoral da Restauración, propugnando un enfoque culturalista en lugar de político. A tensión mantívose cos partidarios da participación, dispostos a aliarse cos republicanos, durante as primeiras asembleas nacionalistas. Na segunda e na terceira (Santiago de Compostela, 1919, e Vigo, 1921), Risco, secundado por Antonio Losada, conseguiu impoñer a súa postura. Non obstante, a oposición da Irmandade da Coruña ao abstencionismo provocou a escisión dos seguidores de Risco na cuarta asemblea nacionalista de 1922, en Monforte, á que se uniron outras personalidades que, sen ser

tradicionalistas, simpatizaban con Risco e a súa visión da nación unida fronte aos seus inimigos, como Vilar Ponte, Castelao ou Quintanilla, que crearon a Irmandade Nacionalista Galega.

Á marxe quedou a Irmandade coruñesa (que agrupaba á metade dos afiliados das Irmandades) e algunhas pequenas agrupacións de localidades próximas. A Irmandade Nacionalista Galega instaurou unha estrutura centralizada e presidencialista, baixo o liderado de Risco, cunha disciplina interna próxima á dun partido político, que propugnaba un maior radicalismo nacionalista, un abstencionismo activo e unha vontade de hexemonizar o movemento agrarista. Este grupo apoia nun primeiro momento a ditadura de Primo de Rivera; como unha oportunidade para desmontar o sistema caciquil.*




Risco foi un dos máximos exponentes da tendencia tradicionalista do galeguismo. Na imaxe, caricatura da Fundación Vicente Risco

Logo de varias experiencias noutros barcos, afectado por unha fatal tuberculose, o poeta vén morrer á súa casa de Rianxo, en 1930.

Manuel Antonio colaborou en varias revistas culturais, entre elas *Alfar*. Na imaxe, placa que recorda esta publicación na rúa Real da Coruña

Manuel Antonio é quen mellor representa entre os escritores da época o desexo de romper coa tradición poética anterior e quen mostra maior intención de sumarse ás tendencias vangardistas que se fan notar neses anos. Tiña unha moi boa formación cultural e un claro compromiso nacionalista. É o autor do único manifesto vangardista galego, *¡Máis alá!* (maio, 1922), no que mostra unha decidida confrontación con todo o que non sexa poesía moderna, incluídos, por suposto, os grandes clásicos, como a mesma Rosalía, Curros e Pondal. Con este

manifesto tamén tivo moito que ver Vilar Ponte, tal e como sabemos polas cartas que se intercambiaron durante os anos 1921 e 1922. Pola súa parte, Castelao opinará que o individualismo do que se fala no manifesto pode ser perigoso; el confía máis na cultura popular que nos dirixismos personalistas.

A curta vida de Manuel Antonio non foi impedimento para que escribise varios poemarios (*De catro a catro, Con anacos do meu interior, Foulas, Sempre e máis despois* e *Viladomar*), aínda que, como xa dixemos, el só vise publicado o primeiro deles, en 1928. Consta de 19 poemas e ten o mar como eixo central de case todos eles, aínda que non falta a referencia á realidade de Galicia. Leva como subtítulo *Follas sen data dun diario de a bordo*.

Vexamos estes dous poemas:

**Sós**

*Fomos ficando sós*
*o Mar o barco e máis nós.*

*Roubáronnos o Sol.*
*O paquebote esmaltado*
*que cosía con liñas de fume*
*áxiles cadros sin marco.*

*Roubáronnos o vento.*
*Aquel veleiro que se evadeu*
*pola corda floxa do horizonte.*

*Este oucéano desatracou das costas,*
*e os ventos da Roseta*
*ourentáronse ó esquenzo.*
*As nosas soedades*
*veñen de tan lonxe*
*como as horas do reloxe.*

*Pero tamén sabemos a maniobra*
*dos navíos que fondean*
*a sotavento dunha singladura.*

*No cuadrante estantío das estrelas*
*ficou parada esta hora:*
*o cadavre do Mar*
*fixo do barco un cadaleito.*

*Fume de pipa. Saudade.*
*Noite. Silenzo. Frío.*
*E ficamos nós sós*
*sin o Mar e sin barco*
*nós.*

## SEMPRE E MÁIS DESPOIS

*Chove na Cidade.*
*Chove de noite na Cidade*
*chove de noite na Cidade vella.*

*Na Cidade vella torta e sombrisa*
*chove unha donda*
*cadea de eternidade.*

*Para que os canos choren*
*por Sempre e máis Dispóis*
*chove na Cidade.*

*II*

*Chove na Aldea*
*chove ó serán na Aldea*
*chove ó serán na Aldea vella*

*Na aldea vella doída e esquencida*
*chove unha donda*
*eterna cadea.*

*Para que as ponlas dos árbores choren*
*por Sempre e máis Dispóis*
*chove na Aldea.*

## O MANIFESTO VANGARDISTA GALEGO *¡MÁIS ALÁ!*

➜ O poeta Manuel Antonio foi o autor do único manifesto vangardista en galego titulado *¡Máis alá!*, publicado en 1922 na revista *Alborada*. O rianxeiro tiña unha grande amizade con Vicente Risco, a quen lle escribe unha carta en 1920 na que se amosa como un rapaz inquedo e con desexos de coñecer os movementos



ALBORADA
PUBLICACIÓN LITERARIA
SAI UNHA VEZ N' O MES
Volume I | Mayo d'o 1922

**Fundador:**
Xan Vidal Martínez

**Diretor:** M. Bará Alvarez
**Redauter-Xefe:** Manoel Cabanillas

**Colaboradores únigos:**
Francisca Herrera Garrido, Herminia Fariña Cobián, Teixeira de Pascoaes, Leonardo Coimbra, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, M. Ventura Balaña, Antón Villar Ponte, Victoriano Taibo, Roberto Blanco Torres, Aurelio Ribalta, Manoel Lugris Freire, Xaime Quintanilla, Ramón Villar Ponte, Leandro Carré, Gonzálo López Abente, Antón Noriega Varela, Correa-Calderón, Ramón Otero Pedrayo, Eladio Rodríguez González, Antón Losada Diéguez, Valentín Paz Andrade, Luis Amado Carballo, Xan Vidal Martínez, Manoel Cabanillas, M. Bará Alvarez.

**Redautores artistigos:**
Alfonso R. Castelao,
Alvaro Cebreiro, M. Méndez

Créditos da revista *Alborada*, onde se publicou o manifesto vangardista *¡Máis alá!*

vangardistas, polo que lle pide axuda á persoa que mellor sabe dos ismos, porque Risco é o guía desta xeneración de ruptura. Nesta carta, Manuel Antonio xa pregunta por outros manifestos da época. Risco dálle unha amplia bibliografía sobre os ismos e o que considera que se debe facer en Galicia. Do manifesto téñense noticias tamén na correspondencia de Manuel Antonio. Así, en 1921 o poeta de Rianxo escribe a Álvaro Cebreiro e dille que o manifesto está en xestación. Xa en febreiro de 1922 Cebreiro lle escribe a Manuel Antonio dicíndolle que o manifesto urxe.

Para as letras galegas ten importancia non só por ser o único manifesto en galego, senón porque fai unha crítica aos artistas vellos, aos ruralistas e aos devanceiros. Así, o manifesto implica unha ruptura coas Irmandades e coa Xeración Nós, que xa se movían co lema da modernidade para a cultura galega, pero os firmantes de *¡Máis alá!* son máis explícitos. A busca dunha

base cultural galega fixo que os escritores utilizasen a temática e a forma da cultura rural. Para os asinantes deste manifiesto, a estes autores había que eliminalos polo castramento espiritual e colectivo e polo caciquismo da ignorancia. En canto aos devanceiros, Rosalía, Curros e Pondal, son atacados, porque os vangardistas eran rupturistas co pasado e innovadores: «Nós somos os novos galeguistas que propugnamos múltiples caminos, a seguridade do triunfo pola evidencia da nosa orixinalidade e da nosa valía».

Con respecto á fala galega os vangardistas están dispostos a crear en galego «porque a nosa Fala é nosa. Pospol-a a outra calquera, é unha forma d'o suicidio». O manifesto implica unha separación dos postulados estéticos, pero foi moi ben aceptado; así, Antón Vilar Ponte escríbelle a Manuel Antonio dicíndolle que o manifesto lles parece insuperable, e mesmo Castelao amosa a súa satisfacción. Esta aceptación do manifesto supón que facían falta cambios que espertasen o ánimo desta xeración.*

Vicente Huidobro puxo en valor a figura de Manuel Antonio

Toda a súa obra retrátanos un espíritu combativo e rebelde, comprometido e vangardista, tanto no terreo ideolóxico como no poético e lingüístico. De todos os seus contemporáneos, Manuel Antonio é o único instalado no monolingüismo. Pero a súa obra non creou escola porque os seus principios estéticos tiveron pouca repercusión entre os seus contemporáneos. Houbo que esperar ata os anos setenta para que as novas xeracións de poetas volvesen os seus ollos cara a Manuel Antonio, exemplo da vangarda galega. Coas influencias de Vicente Huidobro, de Gerardo Diego e doutros poetas do Creacionismo internacional, o

poeta de Rianxo ten unha personalidade propia e achega unha dose de modernidade e renovación moi importante para o futuro da poesía galega.

Esta liña de actualización que marca a súa obra será secundada tamén por outros poetas galegos que merecen ser citados, como Eugenio Montes, Xohán Carballeira e Otero Espasandín. Tamén estarían neste grupo Luís Pimentel e Álvaro Cunqueiro, dos que falaremos máis en concreto neste mesmo libro.

Luís Amado foi fundador da revista *Alborada*

## 1.2. Luís Amado Carballo




**Tivo a súa homenaxe e recoñecemento no Día das Letras Galegas do ano 1982.**

Nacido en Pontevedra (1901-1927), Luís Amado Carballo cursou estudos de Maxisterio e exercerá como mestre. Escribiu moi pouco porque a súa vida foi moi curta, aínda así, participou en iniciativas renovadoras, como o demostra que fose o fundador da revista *Alborada*, xunto a outros destacados vangardistas. Colaborará na prensa,




*Proel* (1924), de Luís Amado Carballo, está composto por 35 composicións poéticas

ata na de Madrid, onde se porá en contacto cos movementos vangardistas. A diferenza doutros autores, ten relación con outros campos da literatura, aínda que a súa vida como escritor transcorrerá integramente en Pontevedra. A súa breve obra poética concéntrase no libro *Proel* (1924), formado por trinta e cinco composicións. Ao pouco de morrer, aparecerá outro novo, *O galo*, con dezasete poemas na mesma liña do anterior.

O seu xeito de entender a poesía pode ser incluída dentro do hilozoísmo, xa que combina o popular co que esixen os movementos de vangarda, de aí, por exemplo, a presenza nos seus poemas de abundante léxico rural.

**SOL-POR**

*Acorado e roibo*
*durmíase o día,*
*coa testa deitada*
*no colo da ría.*

*As campás beatas*
*no ceo bulían*
*rezando rosarios*
*á Virxe María.*

*Bogando nas nubens*
*cara o ceo ían*
*envoltas nos ouros*
*do sol que morría.*

*Polo mar, as velas*
*eran folerpiñas,*

*que da lúa aberta*
*nas ágoas caíran.*

*Da veira do río*
*chegaban cantigas,*
*choutando nas leiras*
*molladas de risas.*

*Preto do hourizonte*
*estrelas obrizas*
*frotaban os ollos*
*tirando a perguiza.*



*E bicando os lonxes*
*as foulas ispidas*
*o alén nevaban*
*de limpas surrisas.*

*Un outo aturuxo*
*voando fuxía*
*e os bosques lonxanos*
*noite revertían.*

(PROEL)

**TABERNA**

*Chove fora. Nas pozas*
*aboia a luz do gas.*

*Na lameira da rúa*
*entérrase un cantar.*

*Mariñeiros de Amberes,*
*de Cork e Rótterdam...*
*O acordeón borracho*
*fala inglés, alemán...*
*Na folla do coitelo*
*fuxe a luz cal no mar.*

(O GALO)

## 1.3. FERMÍN BOUZA BREY

**A el foi dedicado o Día das Letras Galegas do ano 1992.**

Fermín Bouza Brey naceu en Ponteareas, en 1901, e morreu en Santiago en 1973. Ademais da súa importante achega á arqueoloxía, a

Retrato de Fermín Bouza Brey pertencente ao Arquivo da Real Academia Galega. Autor: Foto Villar

etnografía e a historia, foi un activo membro do Seminario de Estudos Galegos e será o máis insigne representante do neotrobadorismo, tal como chamou o profesor Rodrígues Lapa ao movemento poético que volve os seus ollos cara ao rico legado da lírica galego-portuguesa. A súa obra poética é orixinal e asentada sobre unha sólida contextura lingüística. Pódese adscribir á xeración dos primeiros anos vinte, a Xeración do 22, segundo algúns críticos.

Publicou dous libros de poemas, *Nao sen-lleira* (1933) e *Seitura* (1955), dos cales o primeiro é o mellor exemplo do seu loable intento, e acertado logro, de adaptar a tradición trobado-




Sinatura de Bouza Brey no que foi o seu primeiro libro de poemas, *Nao senlleira* (1933)

resca medieval ás necesidades da expresión moderna. Cando no ano 1955 Francisco Fernández del Riego pídelle un texto no que explique a súa poética, para encabezar os poemas que serían incluídos na *Escolma de poesía galega. Tomo IV*, que ía ser publicada pola editorial Galaxia, Fermín Bouza Brey escribe:

«Enxamais teño pensado sobre da poesía; téñoa sentido, sinxelamente. Carezo de dogmas estéticos, e toda expresión certa de beleza somellame resorte susto con tal de que me conmova.

Amo o popular con frecuencia, e non chego a comprender como pode existir poeta que desco-

noza ista fonte de emociós primitivas. Gosto pouco do verso libre. A rima é, para min, un elemento formal que aporta musicalidade á poesía, e, inda que non é necesaria, non hai por qué prescindir dos seus recursos [...]».

**QUEN DERA SER NAO SENLLEIRA**

*¡Quén dera ser nao senlleira*
*n-aquel mar non presentido*
*das ja mergulladas terras!*

*Sen ceo, sen astros, sen vento,*
*sempre â toa pol-as ondas*
*deitado no esquecimento,*

*nin andar nin desandar,*
*nin ter outro coido acedo*
*que leijarse ir pol-o mar...*

*¡Quen dera ser nao senlleira!*
*Sen fito –estrela nin porto–*
*¡ser eu a propia ribeira!*

Portada da edición de Nós de *Nao senlleira*

(NAO SENLLEIRA)

## 1.4. Luís Pimentel

Tivo a súa homenaxe popular e académica coa dedicación do Día das Letras galegas do ano 1990. Pódese afirmar que este recoñecemento oficial foi decisivo para que a súa poesía fose coñecida polo gran público.

Luís Pimentel (Lugo, 1895-1958) é un autor bilingüe, pero escribiu en galego dous libros de poesía, *Triscos* (1950) e *Sombra do aire na herba*, póstumo, publicado ao ano da súa morte. Aínda que ambos os libros aparecen logo da guerra, o seu autor non deixa por iso de pertencer á Xeración do 1925, sendo un dos mellores representantes desta, con claros gustos vangardistas. En todo caso, podemos contemplar a Pimentel como un poeta a cabalo entre esa xeración anterior á Guerra Civil e a de posguerra, pois a súa obra vai acusar o enorme impacto da contenda do 36. A súa poesía é claramente intimista e lírica, e nela aparecen, unhas veces, tinguiduras neorrománticas, e outras, trazos simbolistas e surrealistas. A influencia dos vanguardismos na súa poesía é máis que evidente. Nela atopamos abundantes exemplos da greguería ramoniana, da metáfora visionaria, do cultivo da arte

Escultura dedicada a Luís Pimentel en Lugo




Portada de *Triscos* (1950), que xunto con *Sombra do aire na herba*, publicado no ano da súa morte, son os dous libros de poemas escritos por Pimentel en galego

pola arte, de sinestesias atrevidas, de referencias cinematográficas e de música americana e do gusto pola fragmentación do poema. A súa poesía alterna, pois, os trazos máis distintivos do surrealismo cos máis clásicos que derivan da reflexión e ata de certa concesión á melancolía.

Pero, prevalecendo o un ou o outro, ou en perfecta simbiose, os seus poemas están sempre cheos de tenrura e sensibilidade, así como de solidariedade cos que sofren. Os seus versos teñen unha sinxeleza difícil de conseguir, confiando a esencia poética a recursos repetitivos e lingüísticos, que lle outorgan unha gran musicalidade. Coñeceu en Madrid aos poetas españois da Xeración do 27, que deixa-

ron pegada na súa forma de entender a poesía, que xa será sempre sen rima e sen seguir unha estrofa concreta, e tamén con clara tendencia a un surrealismo humanístico. E aprende a valorar a musicalidade do poema, así como a delicadeza formal do mesmo. Vexamos, a modo de exemplo, estes dous poemas de *Sombra do aire na herba*:

**INVERNO NA MIÑA VILA**

*Fino ceo de telaraña*
*cinza de pérola.*
*Un galo canta,*
*flama sobre a neve.*
*As murallas durmen,*
*redondas e brandas.*
*Roto o resorte do pobo,*
*as voces caen en cabezales*
*de nardos.*
*Horas sin ferro.*
*Reló de fariña:*
*neve.*
*Salirá a lúa,*
*como unha raxa de melón*
*fría e dulce.*

### O MEU REFUXIO

*¡Cántas veces tremei de medo,*
*pensando que se poden pechar as portas do*
*meu refuxio!*
*Nin somentes cabe un esmoleiro.*
*Alí chego coa miña probe carga*
*de refugallos, de lixumes...*
*que tódolos un recolle.*

*Pasa o tempo.*
*E aquil montón escuro e triste*
*–ou, milagre, Señor–*
*convírtese nun tesouro*
*brillante, de pedras preciosas.*

*Cántas gracias teño aínda que che dare.*
*A miña poesía, o meu reino, o meu refuxio...*

*E outra vez tremando de medo*
*pensando que as portas pódense pechar.*

Di o profesor Anxo Tarrío que a poesía de Pimentel semella un obxecto delicadísimo que corre o perigo de desfacerse ao máis lixeiro con-




*Barco sin luces* é unha obra poética de Luís Pimentel escrita en castelán e prologada por Dámaso Alonso

tacto da man humana. Parece un mundo incontaminado, que resiste a brisa pero non o noso alento. Por iso xa avisaba o sabio Dámaso Alonso que «no tocásemos el mundo delicado y frágil del paraíso ingrávido de Pimentel».

De toda a súa xeración de poetas galegos de 1925, Pimentel é o único sobrevivinte á Guerra Civil. Na súa obra quedan mostras do testemuño do seu horror ante a gran represión que se exerceu en Galicia durante eses fatídicos anos:

**CUNETAS**

*¡Outra vez, outra vez o terror!*
*Un día e outro día,*
*sen campás, sen protesta.*
*Galicia ametrallada nas cunetas*
*dos seus camiños.*
*Chéganos outro berro.*
*Señor, ¿qué fixemos?*
*–Non fales en voz alta–*

*¿Ata cando durará este gran enterro?*
*–Non chores, que poden escoitarte.*
*Hoxe non choran máis os que aman a Galicia–.*

**Xogo ruín**

*Aquil neno*
*pincháballe os ollos*
*ós paxaros;*
*e gustáballe ver sair*
*esa gotiña*
*de aire e de lus,*
*ise rocío limpo*
*das mañanciñas frescas.*
*Logo botábaos*
*a voar*
*e ríase de velos*
*topar contra o valado*
*da súa casa,*
*con un ruido*
*moi triste.*
*Creceu e foi de aquiles.*

Autor dunha excelente obra poética en castelán, da cal *Barco sin luces* (1960) é o seu mellor exemplo –libro este moi eloxiado por Dámaso Alonso– Luís Pimentel é un poeta de espazos pechados, moi intenso e coherente, aínda que pouco variado. A súa técnica poética é sinxela –renuncia á rima e á estrofa–, pero con gran atención á musicalidade e á delicadeza verbal.

## 1.5. Eduardo Blanco Amor

**A Eduardo Blanco Amor foille dedicado o Día das Letras Galegas do ano 1993.**

*Romances gallegos*, de Blanco Amor, foi editada por vez primeira en 1928

A crítica literaria contemporánea está intentando facer xustiza á obra poética de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979), escurecida ata agora pola extraordinaria importancia da súa obra narrativa. Para iso estanse estudando con máis detemento os seus libros de poesía, desde *Romances galegos* (1928) ata *Poema en catro tempos* (1931) e *Cancioneiro* (1956). Desde logo, pódese afirmar, en palabras de Arcadio López Casanova, «que su obra poética

Eduardo Blanco Amor (esquerda) xunto a Manuel Azaña, nunha das emisións dos *Diálogos radiotelefónicos* de Radio Arxentina (1935). Arquivo da Real Academia Galega. Autor: Portillo

no merece el olvido en que quedó sumida». Xeracionalmente, Blanco Amor adscríbese á dos primeiros anos vinte, ou vangardista, pois a súa obra sitúase na determinación da ruptura e da modernidade.

Ademais da produción propia, non debemos esquecer que tanto Blanco Amor como Ernesto Guerra da Cal tiveron moito que ver co feito de que Federico García Lorca escribise *Seis poemas galegos*, publicados en 1935, cun prólogo de Eduardo Blanco Amor.

Velaquí un poema de *Romances galegos*:

## Raid

*Baixo a leira da noite sementada*
*estrelas a florir.*
*Estrondo inevitable da lúa. Coitelada*
*de luz pra me ferir.*

*Abren ruta as esquinas, esas proas*
*fastiadas da cibdá.*
*Cargamento de pérolas i adoas*
*pra o porto da mañá.*

*Na encrucillada espallan meus intentos*
*catro brazos en cruz.*
*E arrédanse de min os pensamentos:*
*Catro vieiros de luz.*
*Berros sordos, metáforas valeiras*
*sobre min a chover.*
*E a carón das estrelas tecedeiras*
*sinto o ser e o non ser.*

*Van polo mouro espello dos tellados*
*rolando horas sin fin.*
*E neste raid aos soles apartados*
*fuxo soio, sin min.*

Estatua de Blanco Amor en Ourense

## *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca

➜ Federico García Lorca xa visitara Galicia na súa etapa universitaria, e nos anos da República fixo amizade cos galeguistas. En 1932 volveu a Galicia de xira con La Barraca e a dar conferencias, e en Santiago visitou o mausoleo de Rosalía de Castro, á que admiraba. A todo isto pódese sumar o paralelismo que Lorca percibía entre a súa terra andaluza e os campesiños e mariñeiros galegos. Federico García Lorca visitou Bos Aires en 1933 especialmente invitado despois do grande éxito alcanzado por *Bodas de sangre*. Alí estrearon as súas obras, dirixiu teatro con grandes figuras, luciuse xunto a Neruda nunha homenaxe a Rubén Darío, publicaron os seus poemas e ditou algunhas conferencias. Alí García Lorca tomou contacto coa comunidade galega de Bos Aires, á que xa se denominaba a quinta provincia de Galicia.

En 1935 o editor Anxo Casal remataba de imprimir en Santiago o volume LXXIII da editorial Nós. E así nacían os *Seis*

*poemas galegos* de Federico García Lorca, con prólogo de Eduardo Blanco Amor. Neles destácase desde un primeiro momento o asombroso don da linguaxe e a capacidade de síntese que en tan pouco texto lle permite captar case o esencial da identidade galega. Estes seis poemas galegos representan, ademais dos seus logros en canto á linguaxe e a cosmovisión, unha auténtica homenaxe ao idioma galego. Os poemas levan estes títulos: *Madrigal á cibdá de Santiago*, musicado e moi popular (*Chove en Santiago...*); *Romaxe da Nosa Señora da Barca*; *Noiturnio do adoescente morto*; *Canzón de cuna para Rosalía Castro, morta*; *Danza da lúa en Santiago*, e *Cántiga do neno da tenda*. Esta última é, en toda a obra de Lorca, onde se menciona explicitamente a Bos Aires e o Río da Prata, así como a a traxedia da emigración.

**CÁNTIGA DO NENO DA TENDA**

*Bos Aires ten unha gaita*
*sobro do Río da Prata,*
*que a toca o vento do norde*

*coa súa gris boca mollada.*
*¡Triste Ramón de Sismundi!*
*Aló, na rúa Esmeralda,*
*basoira que te basoira*
*polvo d'estantes e caixas.*
*Ao longo das rúas infindas*
*os galegos paseiaban*
*soñando un val imposibel*
*na verde riba da pampa.*
*¡Triste Ramón de Sismundi!*
*Sinteu a muiñeira d'agoa*
*mentras sete bois de lúa*
*pacían na súa lembranza.*
*Foise pra veira do río,*
*veira do Río da Prata.*
*Sauces e cabalos múos*
*creban o vidro das ágoas.*
*Non atopou o xemido*
*malencónico da gaita,*
*non víu o imenso gaiteiro*
*coa boca frolida d'alas;*
*triste Ramón de Sismundi,*
*veira do Río da Prata,*
*víu na tarde amortecida*
*bermello muro de lama.* ❋

Lorca visitou Galicia en varias ocasións e tamén tomou contacto coa comunidade galega en Bos Aires cando estivo en Arxentina

La Voz de Galicia

La Coruña

España vivió ayer un día histórico

Alfonso XIII renunció al trono y quedó proclamada la República en todo el país

El orden fué perfecto y el entusiasmo inmenso. - El Rey destronado sale hoy de Cartagena para Inglaterra. - Alcalá Zamora preside el Gobierno provisional

Primeira páxina de *La Voz de Galicia* que anuncia a proclamación da Segunda República

# XERACIÓN DO 36, DA REPÚBLICA OU DO SEMINARIO 2

Con estas tres denominacións é designada a xeración de escritores nacidos entre 1910 e 1920, e que afianzarán a súa formación cultural durante os anos da Segunda República. Son discípulos directos dos escritores da Época Nós, pero dentro dunhas pautas moi persoais. Moitos deles xa publicaran algunhas das súas obras antes da Guerra Civil, aínda que as máis maduras e orixinais verán a luz logo dos anos cincuenta. Así pois, trátase dunha xeración a cabalo entre os anos da República e xa os da dura posguerra para escritores en galego.

Os membros desta Xeración do 36 pertencen na súa maioría ao terreo da poesía, e entre eles

hai un común denominador bastante evidente: a procura de novas formas e de novas canles polas que orientar a súa produción lírica. Por iso é polo que se puideron establecer diferentes movementos poéticos nestes anos, e de aí tamén a diversidade de estilos dos poetas coetáneos. Entre as principais direccións que se poden consignar nestes momentos, destacamos os seguintes:

• **Imaxinismo:** busca na imaxe poética o principal atractivo estético do poema, nunha liña moi próxima á seguida en castelán por García Lorca. Emilio Pita podería considerarse como o principal representante na poesía galega.

Emilio Pita é o principal representante do imaxinismo na poesía galega




• **Neotrobadorismo:** intenta volver ás formas trobadorescas galego-portuguesas e ten o seu momento máis álxido nos anos anteriores á guerra. Álvaro Cunqueiro é o seu principal expoñente.

• **Clasicismo:** canaliza cara ao gusto clásico as inquietudes de cambio que se aprecian nos novos poetas galegos. Os metros clásicos e a harmonía intimista están en gran parte da obra destes anos de Ricardo Carballo Calero, Xosé M. Álvarez Blázquez e Aquilino Iglesia Alvariño.

Cunqueiro representa a tendencia neotrobadoresca. Estatua súa situada fronte á catedral de Mondoñedo

• **Ruralismo:** busca unha imaxe evocadora da paisaxe, en contra do que Manuel Antonio rexeitara no seu manifesto *¡Máis alá!* Pero hai que recoñecer que os versos de Aquilino Iglesia Alvariño, un dos seguidores desta tendencia, ennoblecen esta visión melancólica do mundo rural galego.

• **Intimismo radical:** é un intento de volver á liña poética coa que, precisamente, se iniciou o rexurdimento da literatura galega, e que tivera en Rosalía á súa egrexia representante. Agora retómase ese modelo, que alcanza coa poeta de Noia, María Mariño, a súa cota máis alta. Dela é este poema:

**TIVEN MEDO**

*Tiven medo de bogar,*
*tiven medo da auga crara.*
*Anque fora cuns bons remos,*
*anque fora na mar calma,*
*¡non bogaba, non bogaba!*

*O medo xa non sei dél.*
*¡Xa secou aquel mar longo!*
*E sin saber dónde veu,*
*si é de outro ou é meu,*
*navego nun mar de fondo.*

(PALABRA NO TEMPO)

O Seminario de Estudos Galegos foi unha institución con carácter interdisciplinar creada por alumnos e profesores da Universidade. O seu primeiro presidente foi o catedrático de literatura Armando Cotarelo Valledor. A el pertenceron os máis importantes intelectuais galeguistas da época.

O primeiro libro de poemas escrito por Aquilino Iglesia Alvariño foi *Señardá* (1930)

## 2.1. AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

**A Aquilino Iglesia Alvariño foille dedicado o Día das Letras Galegas do ano 1986.**

Iglesia Alvariño (Abadín, Lugo, 1909-Santiago,1961) é o primeiro dos escritores desta xeración, cunha obra poética –tamén ensaística e lexicográfica– abundante e de calidade moi aceptable. O seu primeiro libro é *Señardá* (1930), ao que haberá de seguir *Corazón ao vento* (1933), con ecos da poesía modernista debido á súa indubidable vontade de renovación formal, tal e como se pode ver máis externamente no uso do verso libre. É o seu último libro en galego publicado antes da guerra, e nel

aínda quedan restos de estéticas xa superadas, como as súas queixas e queixumes á vella usanza romántica. Pero tamén hai que apuntar que se atopan imaxes e visións poéticas propias da súa vontade de renovación, tal e como xa sinalabamos máis arriba.

Nos poemas de *Corazón ao vento* (1933) aprécianse ecos da lírica modernista

Será este poeta o primeiro en romper o longo silencio imposto polo novo réxime político á lingua galega, publicando un novo poemario, *Cómaros verdes* (1947), que segue no seu empeño de romper os moldes formais clásicos e segue nisto, bastante de cerca, a poesía de García Lorca. Hai trazos surrealistas, combinados co respecto todo o máis valioso da tradición poética galega. Trece anos máis tarde volverá publicar un novo libro, *De día a día* (1960), que regresa ao ton do primeiro, máis sinxelo, dando máis cabida ao sentimento e con máis autenticidade.

En 1961, ano da súa morte, aínda publicará dous novos libros, *Nenias y Lanza de soledá*, que engaden moi pouco ao xa escrito.

Do seu primeiro libro, facilmente encadrable na tendencia ruralista e cun sabor de clasicismo que evoca a poesía de Virxilio, é este poema:

**Anverso**

*Miña alma, sin lei, vive salvaxe*
*nos píncaros mais ermos i escarpados:*
*en compaña dos corvos, ben amados,*
*e das boutres, na serra anda ó pillase.*

*Polos ermos sin fin (aguia errante)*
*anda sempre a vagar, lonxe da xente;*
*non ten patria nin lar: eternamente*
*vaga soñando polo mundo adiante.*

*Leva agachada drento unha pantera;*
*i as finas uñas, a felina fera,*
*no corazón da Humanidá cravara...*

*I en rautarlle unha noite a filla a un Rei*
*nun poltro bravo (rinfa negra) eu sei*
*que a na ialma feroz moito gozara...*

## 2.2. Ricardo Carballo Calero

Desde a súa época de estudante de Dereito en Santiago, Ricardo Carballo Calero (Ferrol, 1910-Santiago de Compostela, 1990) comeza un interesante labor literario no campo da poesía, que simultanea con outras actividades culturais e políticas: colabora co Seminario de Estudos Galegos, participando no anteproxecto do Estatuto de Galicia, enrólase en movementos estudantís e exerce a crítica literaria. Máis tarde escribiría tamén novelas, pero o primeiro interese literario de don Ricardo estaba, segundo el mesmo confesaba, na creación poética.

O seu primeiro libro de poemas está escrito en castelán e publicado por el mesmo en 1928.

Retrato de Ricardo Carballo Calero (1957) pertencente ao Arquivo da Real Academia Galega. Autor: Juan José

*Anxo de terra*, de Carballo Calero, publícase en 1950

Titúlase *Trinitarias*. Uns anos máis tarde, a editorial Nós, de gran prestixio por entón, publícalle dous libros de poemas: *Vieiros* (A Coruña, 1931) e *O silenzo axionllado* (Santiago, 1934). Desde entón non deixou nunca de escribir poesía, aínda que se dedicou máis externamente a outras actividades relacionadas coa historia da literatura galega, coa crítica literaria e cos estudos lingüísticos.

A súa obra poética concrétase nos seguintes títulos: *Anxo de terra* (1950), *Poemas pendurados dun cabelo* (1952) e *Salterio de Fingoy* (1961), aínda que o propio Carballo volvería editalos organiza-

Biblioteca del "Centro Obrero de Cultura"

En torno a las ideas comunistas de Platón

CONFERENCIA

pronunciada en el «Centro Obrero de Cultura» de Ferrol, el día 18 de Julio de 1929, por

Don Ricardo Carballo Calero

Alumno de Derecho de la Universidad de Santiago de Compostela

TALLERES TIPOGRÁFICOS DE EL CORREO GALLEGO

Cartel dunha conferencia pronunciada por Carballo Calero na súa época de estudante na Universidade compostelá

dos en catro ciclos fundamentais: 1) *Pretérito imperfecto* (1927-1961) (1980); 2) *Futuro condicional* (1961-1980) (1982); 3) *Cantigas de amigo e outros poemas* (1986); 4) *Reticencias* (1986-1989), libro que, aínda que preparado polo poeta, este non puido ver impreso, pois sobrevenlle antes a morte.

Hai algo que se pode dicir case unanimemente despois do primeiro achegamento á poesía de Carballo Calero: é dunha factura perfecta, moi coidada e rigorosa, tanto desde o punto de vista formal como conceptual. A súa cultura e pulcritude lóxica de pensamento moldean cada un dos seus poemas. Nunha segunda aproximación, podemos seguir o comentario de Claudio Rodríguez Fer e establecer que na obra poética de Carballo Calero, desde o punto de vista temático, atópanse tres grandes núcleos: o relixioso, o erótico e o histórico-mítico, que o citado crítico detecta xa no seu primeiro poemario, *Trinitarias*. Ademais, as constantes alusións á cultura grecorromana, á xudeucristiana, xermánica, celta e románica, e ás súas respectivas literaturas, dan á poesía de Carballo un aire culturalista e modernizante, pero non a privan, con todo, dunha emoción humana e dun lirismo atraente.

## 2.3. ÁLVARO CUNQUEIRO

**O gran escritor mindoniense tivo o seu recoñecemento público e oficial coa dedicación do Día das Letras Galegas do ano 1991.**

Álvaro Cunqueiro naceu en Mondoñedo (1911) e morreu en Vigo (1981). O seu talento como narrador é tanto e tan recoñecido que a súa obra poética non tivo a consideración que merecía, xa que a admiración do público lector quedou prendida na súa narrativa. Ben é certo que a súa vea lírica verase tamén na súa prosa, polo que podemos asegurar que Cunqueiro, na súa esencia como escritor, era primeiro de nada un poeta. Un poeta que se decidiu, esteticamente polo neotrobadorismo e a liña vangardista. Pero como diciamos, a súa poesía non tivo a atención que merecía, aínda que se lle dedicou ao escritor o Día das Letras Galegas no ano 1991; sen embargo, tamén é verdade que ultimamente parece que empeza a ser máis estudada. A Cunqueiro sucedeulle o mesmo que a Blanco Amor: cultivou moitos xéneros literarios –poesía, novela, teatro– e dedicou-se profesionalmente ao xornalismo, para acabar sendo



Escultura caricaturesca de Cunqueiro que se atopa na coruñesa praza do Humor

Cunqueiro durante a súa recepción como membro númerario da Real Academia Galega, celebrada no paraninfo do Real Seminario Conciliar de Santa Catalina de Mondoñedo en 1963. Autor: Foto Celta

recoñecido case exclusivamente nun aspecto, o novelístico. O seu labor poético veo Cunqueiro así, segundo as súas propias palabras:

«O poema, o meu poema, é a parte que eu teño na Creación, i é unha parte sorprendida, anque voluntaria e sen dúbida perfeccionada, pola nostalxia. Onde sexa que eu roube o lume, participo soamente co verbo e coas músicas, esa sombra que teñen as palabras, unha vez alongada, coma cando a tarde morre, outra vez breve, coma na hora meridiana». [...]

O seu primeiro libro é de 1932. Titúlase *Mar ao norde* e recorda tanto a poesía de Manuel Antonio, morto dous anos antes, que parece toda unha homenaxe ao malogrado poeta de Rianxo. De temática marítima e con certos aires vangardistas, tráenos o eco de Manuel Antonio, o poeta máis audaz do momento:

*A vosa soedá óuvese*

*–algas, risas–*

*rota.*

*Xa nada hai daquela*

*sinxeleza crecente. O ronsel*

*–a cór, o ár–*

*perdeu o fume do seu perfil.*

*Xa, ren.*

(MAR DO NORDE)

Ao ano seguinte, publica dous dos seus libros poéticos fundamentais: *Cantiga nova que se chama riveira* e *Poemas do si e non*. Ambos, pero moi especialmente o primeiro, son unha mestura festiva da mellor poesía dos cancioneiros e do surrealismo máis atractivo. As lecturas e o coñecemento de Paul

A Historia da
Literatura Galega 14

Primeira edición de *Mar ao norde* (1932), ilustrada por Luís Seoane

Éluard, de Rafael Alberti ou de Federico García Lorca están detrás destes dous libros, pero mesturadas co innato toque de orixinalidade e sinxeleza do propio Cunqueiro. Cremos que se trata do libro de poesía que ofrece a voz máis orixinal de todos os do seu contexto, e que supón o arranque da nova e moderna poesía galega. Contén dezanove poemas dun lirismo moi profundo, que, ademais, ten o valor engadido do autóctono e do próximo. Vexamos un exemplo:

*No niño novo do vento*
*hai unha pomba dourada*
*meu amigo!*
*Quén poidera namorala.*

*Canta o luar i-o mencer*
*en frauta de verde olivo*
*quén poidera namorala*
*meu amigo!*

*Ten ares de frol recente*
*cousas de recén casada*
*meu amigo!*
*Quén poidera namorala.*

Debuxo de Luís Seoane, en *Mar ao norde*

*Tamén ten soma de soma*
*i-andar primeiro de río*
*quén poidera namorala*
*meu amigo!*

Cando xa se inclinou pola narrativa, tanto en galego como en castelán, publicará aínda outro libro de poemas, *Dona do corpo delgado*, no ano 1950. É o seu primeiro libro en galego na época da posguerra, e nel Cunqueiro pulsa varios e diferentes rexistros. Un ton melancólico, non exento de tristeza pola énfase elexíaca, así como un repunte neotrobadoresco, recubren uns temas que recordan, por unha banda, o *ubi sunt* medieval, e por outro, a poesía renacentista dos franceses Ronsard e Villón, especialmente nas adaptacións que fai dos *rondeaux* destes autores.

**RONDEAU DAS SEÑORAS DONAS PINTADAS NO OUSO DO VILAR, NO SÉCULO XIV, CHEIRANDO UNHA FROL.**

**LE VERSE**

*Ese vento de seda é o tempo que pasa.*
*Soñades a doce primavera de antano,*
*esa frol que refrexa o seu van no negro pozo dos vosos ollos?*
*Le temps s'en va!*
*[...]*

Aínda aparecerá outro libro poético de Álvaro Cunqueiro no volume de *Obras completas* dedicado á poesía e publicado en 1980. Titúlase *Herba de aquí e de acolá*, e segundo algúns críticos, é a súa mellor obra de poesía. De temática moi variada e ton tamén variable, o humorístico é bastante frecuente, sobre todo cando se trata de presentar algún mito clásico,

Placa que recorda a estancia de Álvaro Cunqueiro en Vigo

como fará nas súas novelas. É un lúcido exemplo de intertextualidade e de exercicio lúdico, ao mesturar referencias á mitoloxía clásica, ás lendas nórdicas, á Biblia, etcétera, botando man dun material que reservaba para as súas novelas, e que, ao cabo, outórgalle unha nota personalísima a este libro poético, que, segundo Méndez Ferrín, está entre os mellores do seu autor. Abundan, pois, as alusións a personaxes míticos ou lendarios, como Danae, Edipo, Ulises, aos que o poeta dotará dunha dimensión literariamente humana. E non falta, como en toda a súa produción literaria, esa fina melancolía de sempre, aínda que agora, se cabe, máis acentuada ante a súa xa última etapa vital.

**NA OUTRA BANDA**

*Si eu me fago arbre vello na outra banda do río*
*e me toca ser o arbre que recorda e soña*
*ben segura podes estar de que soñarei contigo*
*cos teus ollos grises como a alba*
*e coa túa sorrisa*
*coa que se vestiron os beizos das roseiras*
*nos días máis felices.*

(HERBA DE AQUÍ E DE ACOLÁ)

## Influencias da poesía cunqueiriana

➜ A poesía cunqueiriana de *Dona do corpo delgado* (1950) recibe a influencia dos poetas renacentistas franceses, entre os que se atopan Pierre de Ronsard, coñecido como o Príncipe dos poetas de Francia, e François Villon, precursor da denominada poesía maldita.

Pierre de Ronsard (1524-1585) pertencía a un grupo de poetas cuxos principais modelos foron os líricos grecorromanos e italianos e que tivo unha grande importancia na renovación da literatura francesa. Ten obras cheas de lirismo e outras que tratan sobre cuestións filosóficas, relixiosas, mitolóxicas e históricas. Os seus principais libros son *Odas* (1551-1552); *Os amores de Casandra* (1552); *O souto real* (1554); *Os himnos* (1556); *Poemas* (1560-1573); *A Francíada* (1572); e *Discurso sobre as actuais miserias* (1560). Pola súa parte, a creación máis celebrada de François Villon (1431-1463) é *A balada dos aforcados*, aínda que tamén destacan *O legado* (1446), *O testamento* (1461) ou *A balada do bo consello.* ✱

Pierre de Ronsard (1524-1585) foi un dos poetas franceses que influíron na poesía de Cunqueiro

nós.

XACOBEO 2010
Galicia

XUNTA
DE GALICIA

2010
ano da lectura